

ANUNCIO do 31 de xullo de 2024, da Comisaría de Augas de Galicia, polo que se someten ao trámite de información pública as solicitudes dunha concesión de augas superficiais para a execución dun almacenamento hidráulico de enerxía no río Xallas, concello de Mazaricos, A Coruña

Clave: AC/7/180

De conformidade co disposto no artigo 109 do Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, Augas de Galicia somete ao trámite de información pública as solicitudes e documentación técnica achegada polos participantes no concurso de clave AC/7/180 que se mencionan no anexo, aos efectos do seu coñecemento xeral, co fin de que aquelas persoas naturais ou xurídicas que se consideren afectadas nos seus dereitos poidan formular, por escrito, cantas alegacións, observacións, suxestións e reclamacións estimen procedentes, persoalmente ou por medio do seu representante con poder suficiente, e que poderán presentarse por calquera dos medios recollidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dentro do prazo de **20 días hábiles**, que comezará a computarse a partir da data de publicación do presente anuncio no Diario Oficial de Galicia.

Para os expresados efectos, estará dispoñible unha copia da petición e un exemplar da documentación técnica achegada por cada participante no concurso para que poidan ser examinados nas dependencias administrativas de Augas de Galicia, sitas na rúa Tomiño, 16, baixo, 15703 Santiago de Compostela, en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, para o que poderá solicitar cita previa en calquera dos teléfonos seguintes: 981 543 961, 981 545 345 ou 981 545 476, así como nas dependencias do concello de Mazaricos e na páxina web deste Organismo de conca <http://augasdegalicia.xunta.gal> (na sección denominada Participación Pública).

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2024

O comisario de Augas

Roberto Arias Sánchez



ANEXO

Peticionario:	Feroe Ventures & Investments, SL
Concello afectado:	Mazaricos
Provincia:	A Coruña
Denominación:	Central hidroeléctrica de bombeo Monte da Ruña
Masa de auga afectada:	Encoro de Santa Uxía (ES.014.MR.184.000.03.01)
Obxecto:	Almacenamento hidráulico de enerxía
Tipo:	Central hidroeléctrica reversible
Caudal de captación máximo solicitado:	84,50 metros cúbicos/segundo
Salto bruto máximo:	420,00 metros
Tipo de central:	Subterránea
Enerxía almacenada:	2,30 xigavatios hora
Número de unidades bomba-turbina:	2
Tipoloxía bomba-turbina:	Francis de eixo vertical
Potencia máxima ciclo de turbinado:	395,15 megavatios
Potencia máxima ciclo de bombeo:	395,75 megavatios
Caudal total turbinado:	110,30 (2 x 55,15) metros cúbicos/segundo
Caudal total bombeado:	84,50 (2 x 42,25) metros cúbicos/segundo
Volume total de escavación:	2.088.637,08 metros cúbicos
Volume sobrante:	1.789.835,11 metros cúbicos
Prazo de execución previsto:	5 anos
Orzamento de execución material:	300.172.296,07 euros

*** Afeccións:**

Efectuouse solicitude de declaración de utilidade pública do aproveitamento hidroeléctrico aos efectos de expropiación forzosa e de imposición de servidumes.



ANEXO

Peticionario:	Portodemouros Solar, SL
Concello afectado:	Mazaricos
Provincia:	A Coruña
Denominación:	Central hidroeléctrica reversible de Mazaricos
Masa de auga afectada:	Encoro de Santa Uxía (ES.014.MR.184.000.03.01)
Obxecto:	Almacenamento hidráulico de enerxía
Tipo:	Central de bombeo puro
Caudal de captación máximo solicitado:	0,10 metros cúbicos/segundo
Salto bruto máximo:	356,50 metros
Tipo de central:	Subterránea
Enerxía almacenada:	0,74 xigavatios hora
Número de unidades bomba-turbina:	2
Tipoloxía bomba-turbina:	Francis reversible de eixo vertical
Potencia máxima ciclo de turbinado:	78,00 megavatios
Potencia máxima ciclo de bombeo:	78,00 megavatios
Caudal total turbinado:	28,10 (2 x 14,05) metros cúbicos/segundo
Caudal total bombeado:	20,42 (2 x 10,21) metros cúbicos/segundo
Volume sobrante:	2.782.584,00 metros cúbicos
Prazo de execución previsto:	4 anos
Orzamento de execución material:	117.140.281,45 euros

* Afeccións:

Non se efectuou solicitude de declaración de utilidade pública do aproveitamento hidroeléctrico aos efectos de expropiación forzosa nin a imposición de servidumes.

